



O presidente da Xunta destaca a aposta do Goberno galego pola revitalización do mercado laboral nos concellos coa posta en marcha do Plan 500, dotado con 30 millóns de euros e que favorecerá ao redor de 40.000 persoas



- ▶ Salienta que o plan permitirá repartir os recursos públicos "coa máxima eficiencia" para "chegar a quen máis o precisa" e lograr "que o máximo número de beneficiarios posible acade o obxectivo máis importante: lograr ou manter un posto de traballo"
- ▶ A iniciativa priorizará aqueles territorios da comunidade autónoma con máis desempregados; fomentará a cooperación entre os concellos que teñen menos desempregados; e establecerá unha vinculación máis efectiva entre as políticas activas de emprego e a inserción real
- ▶ No caso de que se xunten dous concellos para acceder ás axudas recollidas nesta iniciativa, a suma de paro rexistrado terá que ser superior a 500 parados; e no caso de que as unións impliquen tres ou máis concellos, estes tamén terán dereito a beneficiarse desta iniciativa, aínda que non cheguen aos 500 parados

A Xunta integrará na súa rede de escolas infantís 750 novas prazas de 0-3 anos financiadas pola Fundación Amancio Ortega

A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un convenio de colaboración coa vicepresidenta da Fundación Amancio Ortega, Flora Pérez Marcote



Os plans de cooperación, que beneficiarán este ano a 5.100 persoas, priorizarán os concellos que soliciten servizos conxuntamente



A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, presentou a convocatoria de axudas para este ano dos plans de cooperación

O Goberno galego dá un paso máis no compromiso das políticas sociais, en plena crise económica, coa Lei de inclusión social que impulsará o acceso a un emprego e articulará unha nova Risga co obxectivo de acadar unha verdadeira integración social

Sumario

Política Social	2-5	Seguridade e saúde laboral	10
Formación e emprego	6-8	Xuventude e voluntariado	11
Informe do paro rexistrado	8	Normativa	12-18
Cooperativismo	9	Publicacións	18

Créditos

Edita:	Consellería de Trabajo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de marzo cun total de 276.795 persoas desempregadas

Política social

Benestar formará preto de 2.500 novos cuidadores non profesionais de persoas con dependencia en 2012

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa o novo 'Manual de formación para coidados de persoas con enfermidades crónicas', que forma parte do programa 'Xuntos nos coidados'
- ▶ Cando remate o ano, a consellería terá impartido un total de 280 cursos desde 2010, o que supón a formación de preto de 7.000 persoas
- ▶ O departamento autonómico destinará máis de 150.000 euros en 2012 para o desenvolvemento deste programa
- ▶ Beatriz Mato lembrou que a súa finalidade básica é a mellora da calidade de vida das persoas con dependencia e dos seus cuidadores, a través dunha correcta formación e orientación



Santiago, 7 de marzo de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 115.000 euros no 2012 para ofrecer formación a preto de 2.500 novos cuidadores non profesionais de persoas con dependencia, no marco do programa 'Xuntos nos coidados'.

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que informou de que neste ano terán lugar 70 cursos básicos, que beneficiarán a 1.750 persoas; 7 accións formativas piloto dirixidas a coidadores de persoas con enfermidades crónicas, nas que participarán 175 alumnos; e 15 cursos destinados a coidadores de persoas con demencia, nos que se formarán 375 alumnos.

Deste xeito, cando remate o ano a consellería terá impartido un total de 280 cursos desde 2010, o que supón a formación de preto de 7.000 persoas, tendo en conta que o ano pasado formouse a 3.000 coidadores a través de 117 cursos en 84

concellos, e desde 2010 participaron 4.200 persoas nestas actividades.

Beatriz Mato presentou tamén en rolda de prensa o novo '*Manual de formación para coidados de persoas con enfermidades crónicas*', que forma parte deste programa. Esta nova guía ofrece coñecementos útiles e prácticos para abordar o coidado de doenzas tan comúns como as enfermidades cardiovasculares ou os accidentes cerebrovasculares, cuxa cronicación xera situacións de discapacidade progresiva e limita a autonomía persoal.

A conselleira indicou que esta nova ferramenta "completa e complementa a información contida nos tres volumes que publicamos con anterioridade e que están dispoñibles na páxina web da consellería": o manual xenérico de formación para coidados no contorno familiar; e dous manuais específicos: un centrado nos coidados a enfermos de alzhéimer e outras demencias, e outro nos coidados ás persoas con

enfermidade mental; aos que hai que engadir unha guía complementaria para coidados no contorno familiar, que contén 25 fichas visuais para facilitar as pautas que deben seguir nas tarefas básicas de coidado.

A titular de Benestar incidiu en que a finalidade básica do programa 'Xuntos nos coidados' é a mellora da calidade de vida das persoas con dependencia e dos seus cuidadores, a través dunha correcta formación e orientación. Beatriz Mato destacou que os coidadores "teñen que enfrontarse a dificultades e inquedanzas, que a miúdo fan perigar o seu propio benestar", o que fai fundamental o descanso e o autocoidado.

Inserción laboral

Ao mesmo tempo, o Programa 'Xuntos nos coidados' facilita unha futura inserción laboral aos coidadores, en caso de que eles así o desexen, co obxectivo de dar cumprimento a un obxectivo expreso da

Lei de dependencia, que establece a necesidade de ofrecer unha formación básica e permanente aos coidadores. Cómpre indicar que o 86% dos coidadores non profesionais son mulleres do ámbito familiar da persoa en situación de dependencia.

Beatriz Mato lembrou que este eido constitúe "un crecente xacemento de emprego", polo que a Consellería quere "recoñecer o seu labor, apoialos e certificar as súas habilidades en atención sociosanitaria, mediante accións formativas dirixidas especificamente a eles".

Dentro deste mesmo programa, e en colaboración coa Consellería de Sanidade, tamén está en funcionamento desde o pasado ano un apoio continuo de atención telefónica aos coidadores non profesionais a través do teléfono 902 400 116, así como un servizo de información específico en materia de dependencia no 012.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/Manual_Formacion_E_CronicasV2.pdf



Mato aposta pola igualdade de oportunidades e a promoción da autonomía persoal no Día Mundial da Síndrome de Down

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou nos actos de conmemoración desta xornada
- ▶ Apostou polo Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade e pola nova Carteira de Servizos de Atención á Dependencia como ferramentas para mellorar a calidade de vida deste colectivo

Santiago, 21 de marzo de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apostou por poñer en marcha todas as iniciativas precisas "en favor da igualdade de oportunidades e da promoción da autonomía persoal" das persoas con discapacidade en xeral e, das persoas con síndrome de Down en particular, para os que se conmemora o seu Día mundial.

Así o salientou a titular do departamento autonómico durante a súa participación nos actos enmarcados nesta xornada. Neste sentido, destacou que este día "simboliza o esforzo cotián por facer máis xusta e integradora a sociedade". Deste xeito, considerou que os beneficiarios dunha sociedade "máis xusta non son só as persoas con discapacidade e as súas familias, senón todos os galegos e galegas".

Por iso, apostou por dúas ferramentas que está a poñer en marcha a Consellería de Traballo e Benestar

para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade: o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade, e a nova Carteira de Servizos de Atención á Dependencia.

Con respecto ao plan de acción, puxo en valor que Galicia dispón "por primeira vez dunha planificación estratéxica para as políticas de atención ás persoas con discapacidade". Trátase dun plan froito do diálogo coas entidades e profesionais deste ámbito, "e no que foi fundamental a colaboración con Down Galicia".

Este documento ten un carácter "transversal e coordinado" no que participa o conxunto do Goberno galego.

Por último, a conselleira lembrou que a nova Carteira de Servizos de Atención á Dependencia establecerá servizos específicos para cada tipo de discapacidade e garantirá a uniformidade e a efectividade destes servizos.



<http://www.un.org/es/events/ownsyndromeday/>

A Xunta recoñeceu no que vai de lexislatura máis de 43.000 prestacións a dependentes, un 310% máis que o goberno anterior

O Valedor do Pobo destaca o esforzo do Goberno galego por conceder servizos fronte a prestacións económicas, tal e como establece como prioridade a propia Lei de dependencia

Santiago, 26 de marzo de 2012.- A Xunta recoñeceu no que vai de lexislatura 43.607 prestacións a dependentes, un 311,48% máis que o goberno anterior. O número de dependentes atendidos cuatuplicouse desde o inicio da lexislatura e Galicia mantense como unha das poucas comunidades

autónomas que segue concedendo altas e mantendo o volume de atendidos.

O Valedor do Pobo destaca, no seu informe, os esforzos do Goberno galego por conceder servizos fronte a prestacións económicas, tal e como establece como prioridade a propia Lei de dependencia. Neste sentido, o 59,3% das prestacións son servizos ou prestacións económicas vinculadas a servizos o que pon de manifesto a aposta clara da Xunta polo cumprimento da norma e a súa prioridade pola garantía dos coidados fronte aos

datos estatísticos.

Para garantir un correcto servizo aos cidadáns, a Xunta de Galicia puxo en marcha, ademais, o servizo de información ao dependente a través do 012 e publicou unha nova orde de dependencia que se asenta sobre unha aposta clara pola calidade e na que se desenvolven aspectos tan importantes como os requisitos que debe cumprir o beneficiario, a intensidade dos servizos, o réxime de compatibilidades e o sistema de seguimento da calidade.

Política social

A Xunta integrará na súa rede de escolas infantís 750 novas prazas de 0-3 anos financiadas pola Fundación Amancio Ortega

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un convenio de colaboración coa vicepresidenta da Fundación Amancio Ortega, Flora Pérez Marcote
- ▶ A fundación financiará a construción e dotación de mobiliario de 9 centros en Galicia, de 82 prazas cada un deles, de forma escalonada ata 2015
- ▶ O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar levará a cabo todos os trámites relativos á execución da construción e equipamento e integrará as novas instalacións na súa rede Galiña Azul
- ▶ Mato anunciou que esta mesma semana abrirán os centros do Pino e Coristanco, o que suporá que a cifra de novas prazas infantís creadas desde 2009 polo Goberno galego chegará ás 2.422, un 44 por cento máis
- ▶ Avanzou, ademais, que entre os meses de setembro e decembro poranse en marcha outras 11 novas escolas infantís, que sumarán 400 prazas máis á rede autonómica



Arteixo (A Coruña), 26 de marzo de 2012.- Un convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Amancio Ortega permitirá en Galicia a posta en marcha ata 2015 de 750 novas prazas públicas de escolas infantís.

Así o destacou en Arteixo, a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, quen rubricou con Flora Pérez Marcote, vicepresidenta da Fundación, este convenio. En concreto, poranse en marcha 9 centros de 0-3 anos, de 82 prazas cada un deles. As escolas estarán emprazadas nas localidades da Coruña, Arteixo, Cambre, Ferrol, Melide, Santiago, Lugo, Ourense e Vigo.

Por unha banda, a Fundación Amancio Ortega financiará a construción e dotación de mobiliario das novas instalacións e, pola súa parte, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comprométese a realizar todos os trámites relativos á execución da construción e ao equipamento, e a integrar os centros na súa rede Galiña Azul.

“Polo tanto, as 750 futuras prazas serán de titularidade pública e as novas escolas serán xestionadas pola Xunta”, indicou Mato, ao tempo que destacou que a Consellería vén traballando ao longo da lexislatura no obxectivo de que as familias galegas

estean máis preto da conciliación da vida familiar e laboral. “A través da sinatura deste convenio contamos neste camiño coa colaboración da Fundación Amancio Ortega”, subliñou.

A execución do contido do convenio realizarase en varias fases, de xeito que o comezo da execución das distintas escolas se abordará escalonadamente. “A máis tardar, todas estarán en marcha en 2015”, apostilou a conselleira.

Na finalidade de pechar a lexislatura coa posta en marcha de 4.500 novas prazas públicas, Mato indicou que esta mesma semana abrirán as escolas do Pino e Coristanco. “Acadaremos, entón, a cifra de 2.422 novas prazas postas en funcionamento desde abril de 2009 en Galicia”, apuntou a conselleira.

Neste senso, afirmou que a oferta de 0-3 anos incrementárase nun 44 por cento, e, ademais, avanzou que entre os meses de setembro e decembro deste ano poranse en marcha outras 11 novas

escolas infantís, que suporán outras 400 novas prazas. “Deste xeito, a rede autonómica pasará das algo máis de 5.400 prazas que tiña en abril de 2009 a máis de 8.400 cando remate 2012”, asegurou Mato.

<http://escolasinfantis.net/>



O Goberno galego dá un paso máis no compromiso das políticas sociais, en plena crise económica, coa Lei de inclusión social que impulsará o acceso a un emprego e articulará unha nova Risga co obxectivo de acadar unha verdadeira integración social

- ▶ Realizarase unha diagnose de empregabilidade das persoas. E para iso, os servizos sociais comunitarios traballarán de forma coordinada co persoal técnico de orientación laboral do servizo público de emprego
- ▶ O novo documento permitirá unha nova Risga máis flexible, “que modularemos caso por caso, e que terá tres tramos de actuación –o persoal e familiar, o de inserción e o de transición ao emprego– fronte aos dous da normativa actual”
- ▶ Feijóo subliña que con estas modificacións “damos resposta a un acordo sindical e damos cumprimento a unha das propostas de resolución aprobadas no Debate do Estado da Autonomía”

Santiago, 29 de marzo de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou, no Consello, que o Goberno galego dá un paso máis no compromiso das políticas sociais, en plena crise económica, coa Lei de inclusión social, que será remitida ao Parlamento neste período de sesións, e que impulsará o acceso a un emprego e articulará unha nova Risga co obxectivo de acadar unha verdadeira integración social.

Ao longo da rolda de prensa, Feijóo explicou que esta nova lei ten como obxectivo evitar que as situacións de exclusión social se convertan en algo crónico; evitar a economía sumerxida e evitar que os beneficiarios da Risga sexan considerados, exclusivamente, como perceptores de subsidios. “Supón, en definitiva, -aseverou- dar ferramentas ás persoas para superar estas situacións e lograr unha verdadeira

integración laboral que é o obxectivo do que percibe a Risga e da sociedade no seu conxunto”.

O responsable autonómico subliñou que se reforzarán as sinerxias entre a área de inclusión social, os servizos sociais e a área de emprego da comunidade a través de dúas vías: “no eido propio da prestación, promóvese o fomento do acceso ao mercado de traballo ao asegurar ao beneficiario unha contía a maiores se cómpre o itinerario de inserción laboral. E, por outra banda, as oficinas de emprego e o persoal de orientación e intermediación pasarán a xogar un papel decisivo neste dispositivo que é axudar a un beneficiario da Risga a ter un programa de inserción laboral para conquistar un emprego”.

Neste sentido, cabe destacar que unha das novidades será que se realizará unha diagnose de empregabilidade das persoas. E para iso, os servizos sociais comunitarios

traballarán de forma coordinada co persoal técnico de orientación laboral do servizo público de emprego.

“O obxectivo é facer, por primeira vez, compatible a percepción íntegra da Risga coas rendas salariais obtidas a través de traballos aínda que sexan esporádicos. Garántese que a persoa non abandone o seu proxecto de inserción, nin renuncie á realización do traballo, nin tampouco recorra á economía sumerxida. Transparentar a economía, seguir percibindo a renda de integración social e, esa renda pode verse incrementada pola percepción de determinadas rendas de traballo. Actualmente, cando accedían a traballos, isto supoñía un desconto automático dos ingresos que percibían pola Risga, e iso é o que imos evitar”.

Unha nova Risga máis flexible

Así mesmo, Feijóo afirmou que o novo documento permitirá unha nova Risga máis flexible, “que modularemos caso por caso, e que terá tres tramos de actuación –o persoal e familiar, o de inserción e o de transición ao emprego– fronte aos dous da normativa actual”.

En relación ao tramo persoal e familiar, o presidente da Xunta explicou que suporá “unha percepción básica similar á actual, que é o 75%

do Iprem: 400 euros, é dicir, 399,38 euros que é a Risga do ano 2012. Esta cantidade –precisou– poderá aumentar en función das circunstancias familiares cos complementos de maior contía aos actuais. Así, o complemento polo primeiro convivente pasa do 12% ao 14% do Iprem; e o complemento polo segundo convivente pasa do 10% ao 12% do Iprem”.

Sobre o segundo tramo, Feijóo salientou que o beneficiario poderá percibir unha contía a maiores do tramo persoal e familiar co fin de estimular un acceso ao emprego. Para percibir este tramo –que terá unha duración máxima de 18 meses– exíxese un compromiso de seguir un itinerario de inserción laboral. E neste tramo, tamén, se incrementan as contías un 11%. Por tanto, un perceptor sen conviventes pasará de percibir 599 euros a percibir 665 euros, o que supón un incremento do 11% da Risga.

“O terceiro tramo, que é xa a transición ao emprego, consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía vai diminuíndo gradualmente e percíbese o que se viñese percibindo ata o momento do contrato laboral ata un límite de 865 euros. Polo tanto, a Risga pode cobrarse na súa totalidade sempre que a renda salarial esporádica xunto coa Risga non supere os 865 euros. No caso de que supere esta contía, farase un axuste para que as contías máximas estean no contorno dos 865 euros”, matizou.

Por último, Feijóo concluíu recordando que: “Con estas modificacións damos resposta, primeiro, a un acordo sindical e, segundo, damos cumprimento a unha das propostas de resolución aprobadas no Debate do Estado da Autonomía”.

http://benestar.xunta.es/web/portal/proxectos?content=/Benestar/Contidos/Proxectos/proxecto_0003.html



Formación e emprego

Os plans de cooperación, que beneficiarán este ano a 5.100 persoas, priorizarán os concellos que soliciten servizos conxuntamente

- ▶ A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, presentou estas dúas ordes de axudas –tanto para concellos como para outros órganos das administracións distintas da local-, que se publican no Diario Oficial de Galicia
- ▶ O investimento total ascende aos 65 millóns de euros, dos que 45 serán para entidades locais; e preto de 20 para organismos das administracións públicas distintas das locais, universidades e entidades sen ánimo de lucro
- ▶ Por primeira vez, os concellos que se presenten de xeito coordinado verán incrementado o seu número mínimo de contratacións e contarán con puntuación adicional nos criterios de valoración
- ▶ Outra novidade deste ano será a vinculación efectiva coa inserción laboral, así como a presentación telemática das solicitudes a través da sede electrónica da Xunta
- ▶ Mantense tamén a posibilidade da contratación anticipada dun máximo de dúas persoas para aqueles servizos que precisen dunha atención urxente, e de ata 12 persoas no caso dos GRUMIR



Santiago, 12 de marzo de 2012.- Os plans de cooperación con entidades locais primarán este ano por primeira vez aqueles concellos limítrofes que decidan coordinar as súas solicitudes. En concreto, os gobernos municipais que soliciten servizos mancomunados verán incrementado o seu número mínimo de contratacións e contarán con puntuación adicional nos criterios de valoración.

A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, presentou en rolda de prensa as dúas ordes dos plans de cooperación que se publican no Diario Oficial de Galicia (DOG): a dirixida a entidades locais; e a destinada aos organismos das administracións públicas distintas das locais, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

En concreto, ambas ordes ascenden a 65 millóns de euros, e beneficiarán a unhas 5.100 persoas: no caso dos concellos, serán 45 millóns de euros; e no caso das entidades distintas da local, o orzamento é de preto de 20 millóns de euros.

O obxectivo das dúas iniciativas é mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas. Así, aos beneficiarios ofrécense un posto de traballo e tamén unha experiencia profesional que “vai axudar á súa posterior inserción laboral”. Outro aspecto salientable destes proxectos é que permiten “adequar

as políticas activas de emprego ás necesidades concretas de cada territorio”, destacou a directora xeral.

Lembrou, ademais, que ofrecen unha atención especial aos colectivos con maiores dificultades, de xeito que priorizan a contratación de: mulleres (en especial as vítimas de violencia de xénero); menores de 30 anos; desempregados maiores de 45 anos; persoas con discapacidade; desempregados de longa duración ou que esgotaran prestacións e subsidios; e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Colaboración entre concellos

A principal novidade da convocatoria deste ano é que se establecen vantaxes para os concellos que decidan coordinar as súas solicitudes. “Estamos a potenciar de forma pioneira a colaboración entre concellos na prestación de servizos, tanto no eido social como no eido laboral”, concretou Amparo González.

Deste xeito, explicou que cada concello conta cun mínimo de contratacións en función do seu número de habitantes. Neste caso, cando soliciten servizos mancomunados esa axuda mínima vaise ver incrementada nunha contratación adicional. Ademais, a convocatoria establece un novo criterio de valoración que outorgará 10 puntos ás

solicitudes coordinadas, de xeito que “aumentarán as súas opcións de conseguir un maior número de contratacións”.

O segundo punto novidoso da orde deste ano é que se establecen medidas para a vinculación efectiva entre este programas e a inserción laboral. O obxectivo é acadar unha maior implicación dos concellos e entidades na consecución dun emprego, posteriormente á participación nestes plans de cooperación. Así, primarase en posteriores convocatorias aqueles concellos que logran unha maior inserción laboral dos seus participantes.

Por último, a terceira gran novidade deste ano é que a presentación de solicitudes realizárase de forma telemática a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria. O último día hábil será o 11 de abril, agás no caso das mulleres vítimas de violencia de xénero, que poderán presentarse ata o 15 de novembro.

Outras novidades

A directora xeral recordou que este ano mantense tamén a posibilidade de contratación anticipada por parte dos concellos, que se incluía xa o ano pasado. Con este procedemento os concellos poderán

contratar de xeito anticipado un máximo de dúas persoas para a atención urxente de servizos que precisen dunha actuación inmediata, coa excepción do caso dos GRUMIR (Grupos municipais de intervención rápida), que poderán contratar de xeito anticipado ata 12 persoas.

Consolidase nesta convocatoria o establecemento duns topos mínimos e máximos para a concesión de axudas. Nos concellos, os topos establécense segundo o número de habitantes. Por exemplo, se o concello ten menos de mil habitantes, o mínimo serán dúas contratacións. E a contía máxima será o equivalente en contratacións por 500.000 euros. No caso das entidades, o límite máximo de prazas irá en función do ámbito territorial de actuación, variando en función de se é municipal, comarcal, provincial, pluriprovincial ou autonómico.

Este ano, como outra novidade, os concellos non poderán contratar aos traballadores e traballadoras que xa foran beneficiarios en 2011. Esta medida, que xa se aplicaba para as entidades sen ánimo de lucro, favorece a natureza “rotatoria” destes programas.

En definitiva, resumiu a directora xeral, todas as novidades “están dirixidas a optimizar os recursos e a incrementar a eficacia e eficiencia das nosas políticas activas de emprego”.

O presidente da Xunta destaca a aposta do Goberno galego pola revitalización do mercado laboral nos concellos coa posta en marcha do Plan 500, dotado con 30 millóns de euros e que favorecerá ao redor de 40.000 persoas

- ▶ Salienta que o plan permitirá repartir os recursos públicos “coa máxima eficiencia” para “chegar a quen máis o precisa” e lograr “que o máximo número de beneficiarios posible acade o obxectivo máis importante: lograr ou manter un posto de traballo”
- ▶ A iniciativa priorizará aqueles territorios da comunidade autónoma con máis desempregados; fomentará a cooperación entre os concellos que teñen menos desempregados; e establecerá unha vinculación máis efectiva entre as políticas activas de emprego e a inserción real
- ▶ No caso de que se xunten dous concellos para acceder ás axudas recollidas nesta iniciativa, a suma de paro rexistrado terá que ser superior a 500 parados; e no caso de que as unións impliquen tres ou máis concellos, estes tamén terán dereito a beneficiarse desta iniciativa, aínda que non cheguen aos 500 parados
- ▶ Terán prioridade ‘moi alta’ os municipios que en 2011 contasen con máis de 2.000 desempregados, experimentando un crecemento superior ao 50% do paro rexistrado nos últimos catro anos, ou aqueles que en 2011 tiveran un ERE extintivo que supuxese un incremento superior ao 15% da media do paro nese municipio
- ▶ A prioridade será alta no caso de que o paro rexistrado nos concellos en 2011 sexa superior a 1.000 traballadores ou que experimentase un crecemento superior ao 35% do paro rexistrado no ámbito municipal nos últimos catro anos



Santiago, 29 de marzo de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a aposta do Executivo autonómico pola revitalización do mercado laboral nos concellos galegos, coa posta en marcha do Plan 500, que estará dotado con 30 millóns de euros e beneficiará ao redor de 40.000 persoas.

Segundo explicou o mandatario galego na rolda de prensa tras o Consello da Xunta, este plan, que estará centrado naqueles concellos con máis de 500 parados, ten dous obxectivos fundamentais: lograr repartir os recursos públicos coa máxima eficiencia para “chegar a quen máis o precisa” e lograr “que o máximo número de beneficiados posible acade o obxectivo máis importante: lograr ou manter un posto de traballo”.

Feijóo avanzou, ademais, que esta iniciativa do Goberno galego priorizará aqueles territorios da comunidade autónoma con máis desemprego; fomentará a cooperación entre os concellos que teñen menos

desempregado para poder optar a este tipo de axudas; e establecerá unha vinculación máis efectiva entre as políticas activas de emprego e a inserción real. Polo tanto, aseverou, “esta iniciativa asegura que os maiores esforzos os imos dedicar aos concellos que máis o precisan; deste xeito, imos centrarnos no 30% dos concellos galegos que teñen máis de 500 parados”, abundou.

Segundo recolle o documento que analizou o Consello da Xunta, tamén se vai incentivar a colaboración entre concellos. Así, segundo sinalou o presidente galego poderanse unir varios concellos, aínda que non alcancen os 500 parados. Explicou, a este respecto, que no caso de que a unión se produza só entre dous concellos, a suma de paro rexistrado para optar a este plan terá que ser superior a 500 parados; e no caso das unións que impliquen tres ou máis concellos, estes tamén terán dereito a beneficiarse desta iniciativa, aínda que non cheguen a 500 desempregados. “Polo tanto

–remarcou Feijóo, estamos priorizando os concellos de 500 parados; segundo, aquelas unións de dous concellos que conxuntamente superen os 500 parados no seu ámbito municipal; e, en terceiro lugar, no suposto de que entre dous concellos non consigan 500 parados, sempre que haxa tres ou máis concellos, a eses tamén benefícialos con este tipo de axuda”.

Criterios que se primarán na concesión das axudas

Estableceranse, ademais, tipos de prioridade. Así, terán prioridade ‘moi alta’, aqueles concellos que no ano 2011 contasen con máis de 2.000 desempregados, experimentando un crecemento superior ao

50% do paro rexistrado nos últimos catro anos, entre o ano 2008 e o ano 2012; ou aqueles que no ano 2011 tivesen un ERE extintivo que teña suposto un incremento superior ao 15% da media de paro nese municipio. Así mesmo, establécese a prioridade ‘alta’ no caso de que o paro rexistrado nos concellos en 2011 sexa superior a 1.000 traballadores ou que experimentase un crecemento superior ao 35% de paro no ámbito municipal nos últimos catro anos.

O presidente da Xunta destacou, por último, que “esta convocatoria ten memoria para priorizar as convocatorias seguintes e os concellos que actúen dunha forma máis efectiva” e que “acaden unha maior valoración entre os programas de emprego e de inserción laboral dos traballadores”.

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de marzo cun total de 276.795 persoas desempregadas

Santiago, 3 de abril de 2012.- Galicia rexistrou no mes de marzo un total de 276.795 persoas desempregadas, o que supuxo un incremento con respecto ao mes anterior do 0,77 por cento, un total de 2.120 persoas en termos absolutos.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou que este é un dato "negativo", xa que se rexistrou un incremento do paro en Galicia. Con todo, a media desta subida está por debaixo da do Estado, que se situou nun 0,82 por cento.

No Estado o desemprego aumentou en 38.769 persoas, xa que houbo subidas en todas as comunidades autónomas, agás en tres. Así, das 14 comunidades onde aumenta o paro, Galicia é a cuarta onde menos sube en termos relativos.


No paro rexistrado en Galicia, rexístrase o incremento máis significativo no sector servizos, que concentra máis dos 66 por cento desta subida. A continuación, como segundo sector máis afectado, sitúase o colectivo sen

emprego anterior, que ademais ocupa o primeiro lugar en termos relativos. Neste sentido, a directora xeral apuntou que, neste último caso, non se trata de destrución de emprego, senón de persoas que se incorporan por primeira vez á busca activa de emprego.

Deste xeito, a situación por sectores quedaría da seguinte forma: sector servizos (+1.413); seguido polo colectivo sen emprego anterior (+438); industria (+276); e pola agricultura e a pesca (+21). Finalmente, no sector da construción, o paro baixa en 28 persoas..

Por provincias, o desemprego incrementouse neste mes en todas elas. Onda máis se incrementou foi en Pontevedra (+982); seguida pola Coruña (+524); Ourense (+449); e Lugo (+155).

No mes de marzo rexistráronse en Galicia un total de 45.472 contratos, 3.718 contratos máis que no mes anterior; deste total, 4.827 foron indefinidos (10,6%) –o que mantén a Galicia por riba da media do Estado en estabilidade- e 40.645 temporais (89,38%).



Mato destaca a creación nos dous últimos anos de 89 novas cooperativas formadas por máis de 2.900 socios

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou na comarca de Arzúa as cooperativas La Arzuana e Nosa Señora do Perpetuo Socorro, que aglutinan a preto de 1.000 socios
- ▶ A titular do departamento autonómico resalta que esta fórmula empresarial demostra unha forte resistencia e estabilidade fronte á crise, xa que continúan medrando
- ▶ Galicia conta na actualidade con 1.139 cooperativas activas, que sosteñen máis de 27.000 empregos vinculados á economía social
- ▶ O Goberno galego destinará en 2012 un total de 6,5 millóns de euros a apoiar este tipo de iniciativas
- ▶ Mato lembrou que o Parlamento aprobou en decembro a reforma da Lei de Cooperativas e que a Consellería puxo en marcha a Rede Eusumo, un programa pioneiro de asesoramento

Arzúa (A Coruña), 21 de marzo de 2012.- Galicia conta na actualidade con 1.139 cooperativas activas que sosteñen máis de 27.000 empregos vinculados á economía social. Ademais, nos dous últimos anos creáronse 89 novas cooperativas formadas por máis de 2.900 socios. Así o resaltou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na visita que realizou ás cooperativas La Arzuana e Nosa Señora do Perpetuo Socorro na comarca de Arzúa. Estas dúas iniciativas contan entre ambas con preto de 1.000 socios e forman parte do proxecto Alimentos Lácteos, unha empresa constituída por 10 cooperativas galegas, das que dependen 2.300 familias galegas.

Mato indicou que estes datos reflicten que esta fórmula empresarial demostra "unha forte resistencia e estabilidade fronte á crise, xa que seguen a medrar pese á difícil coxuntura na que nos atopamos", apuntou.

Así, indicou que as cooperativas supoñen "unha boa fórmula"

para a creación de emprego de calidade e contribúen "á dinamización da actividade económica a nivel local".

Por iso, destacou que a Xunta está a apoiar este tipo de iniciativas, e se cabe máis este ano, cando se celebra o Ano Internacional das Cooperativas. Para este eido, o orzamento da Consellería de Traballo e Benestar reserva 6,5 millóns de euros para 2012. Ademais, Mato lembrou que o Goberno galego vén de mellorar o marco lexislativo, xa que o pasado decembro o Parlamento aprobou a reforma da Lei de Cooperativas, unha normativa que agora se adapta á realidade actual e ás necesidades reais dos cooperativistas de Galicia.

Por último, a titular de Traballo resaltou que a Xunta puxo en marcha a Rede Eusumo, unha iniciativa pioneira que promove a información e formación para o autoemprego colectivo, así como a divulgación dos beneficios do cooperativismo. É un plan de asesoramento e acompañamento.

[http://traballo.xunta.es/...](http://traballo.xunta.es/)



Cooperativismo

Traballo apoia máis de 260 entidades para a posta en marcha de novos proxectos de cooperativas en Galicia

- ▶ O director xeral de Relación Laborais, Odilo Martiñá, inaugurou en Narón (A Coruña) o seminario 'As novas tecnoloxías e o cooperativismo: ferramentas que facilitan a súa aplicación'
- ▶ En 2011 recibiron asesoramento 50 iniciativas emprendedoras e nas actividades da 'Rede Eusumo' participaron ao redor de 3.000 persoas
- ▶ Esta rede desenvolve actividades de asesoramento e acompañamento de proxectos emprendedores; de formación, dinamización e divulgación; e actividades específicas para centros de ensino

Narón (A Coruña), 22 de marzo de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar apoiará máis de 260 entidades para a posta en marcha de novos proxectos de cooperativas en 2012, no marco da 'Rede Eusumo', unha iniciativa posta en marcha polo departamento autonómico co obxectivo de dar resposta á necesidade de crear un entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, inaugurou o seminario 'As novas tecnoloxías e o cooperativismo: ferramentas que facilitan a súa aplicación', que pretende achegar as ferramentas e servizos que faciliten a aplicación das novas tecnoloxías no cooperativismo amosando diferentes opcións na súa escolla para empresas cooperativas.

Na súa intervención, o director xeral indicou que no 2011 as axudas para a posta en marcha de novos proxectos de cooperativas, tanto para novas como para as xa existentes, beneficiou a 266 entidades, 50 iniciativas emprendedoras recibiron asesoramento e permitiu a creación de tres novas cooperativas. Así mesmo, ao redor de 3.000 persoas participaron no resto de programas da Rede (I+D+i; Teleformación, Coopera +,

Cooperativizate), unhas cifras que se manterán no 2012.

No 2011 a 'Rede Eusumo' desenvolveu actividades de asesoramento e acompañamento de proxectos emprendedores; de formación, dinamización e divulgación; e actividades específicas para centros de ensino.

En canto ás actividades de asesoramento e acompañamento de proxectos emprendedores, impulsáronse novas cooperativas para que empresas mercantís que atravesaban dificultades puidesen continuar a súa actividade, realizáronse diagnoses internas para analizar os problemas que puidesen xurdir e formular propostas de mellora, tanto no ámbito de xestión empresarial como no ámbito societario.

No marco da formación, dinamización e divulgación, desenvolvéronse obradoiros de emprendemento cooperativo e economía social, de habilidades para o emprendemento cooperativo feminino, de promoción do cooperativismo para persoas emprendedoras, xornadas e seminarios de cooperativismo e economía social destinados a persoas desempregadas, divulgación de experiencias cooperativas como modelo de éxito e emprendemento e feiras de cooperativismo, entre outras iniciativas.

<http://www.cooperativasdeg Galicia.com/>



Seguridade e saúde laboral

Máis do 80% das empresas incluídas no Plan de Loita contra a Sinistralidade do ISSGA melloraron os seus índices neste eido

- ▶ A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, clausurou en Ourense unha xornada técnica do Observatorio Galego de Condicións de Traballo
- ▶ Na xornada tamén se analizaron os resultados de tres enquisas de condicións de traballo e se expuxeron os principais resultados das estatísticas de sinistralidade
- ▶ O Observatorio creouse como un instrumento de xestión da información e análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora galega

Ourense, 23 de marzo de 2012.- O 81,7% das empresas que se incluíron no Plan de Loita contra a sinistralidade do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, melloraron os seus índices neste eido, segundo reflicte un estudo sobre a aplicación destes plans entre os anos 2008 e 2010.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, clausurou en Ourense unha xornada técnica do Observatorio Galego de Condicións de Traballo sobre as enquisas e estudos desenvolvidos polo instituto.

Segundo avanzou a directora, das 835 empresas que participaron nesta iniciativa de loita contra a sinistralidade entre 2008 e 2010, 682 melloraron os seus índices, o que supón o 81,7% do total; e o 72,9% melloraron nun índice superior ao do seu sector. Estas empresas supoñían, na orixe dos plans, o 5,89% dos traballadores de Galicia cun 17,22% dos accidentes, mentres

que no ano 2010 representaban un 6,01% dos traballadores, con soamente un 13,39% dos accidentes de Galicia.

Por sectores, o da construción comportouse relativamente mellor que o da industria, posto que melloran con respecto aos índices sectoriais nunha porcentaxe mais elevada en relación co seu peso relativo na mostra. En xeral as empresas seleccionadas nos plans teñen altos índices de incidencia (motivo polo que se seleccionaron) e van converxendo sensiblemente cara os índices de incidencia do total de empresas de Galicia.

Condicións de traballo

Doutra banda, nesta xornada aproveitouse para presentar os resultados de tres enquisas de condicións de traballo elaboradas e dirixidas por primeira vez polo ISSGA e para expoñer os principais resultados dos estudos estatísticos de sinistralidade laboral.

As tres enquisas que se presentan están orientadas a estudar e avaliar as condicións de traballo e a xestión da prevención nas empresas galegas. A primeira escolle como poboación de referencia o conxunto dos traballadores, a segunda as empresas, e a terceira as empresas localizadas en polígonos industriais.

Entre as conclusións pódese destacar o feito de que a principal modalidade preventiva escollida polas empresas galegas é o servizo de prevención alleo, un 81,60% segundo os responsables das empresas, mentres que só nun 8,70% das empresas enquisadas son os empresarios os que asume persoalmente esta tarefa. A avaliación dos riscos do posto de traballo nos dous últimos anos ascendeu a case o 83% en todo ou parte do centro de traballo nas empresas e, en particular, ao 95% nas empresas de polígonos.

En relación ás molestias físicas, especialmente nas molestias musculoesqueléticas derivadas do traballo, aquelas máis frecuentes son as da zona lumbar -para o 43% dos homes e o 39% das mulleres- e as molestias no pescozo e na caluga, nunha porcentaxe de 35% dos homes e do 48% das mulleres.

Por último, en canto á sinistralidade laboral, Quinzá-Torroja indicou que o observatorio analizou aspectos como os accidentes laborais non

traumáticos dos anos 2007 a 2010 como infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas. Para o estudo, consideráronse 317 partes, dos cales 74 corresponden a accidentes mortais, o 23,34%.

Así mesmo, o observatorio tamén se referiu aos accidentes laborais de tráfico ocorridos en 2010 para categorizalos e ver a posible influencia que sobre estes teñen factores como a idade do traballador, a súa ocupación, a actividade da empresa en que traballa ou o día da semana, entre outros.

En canto aos accidentes laborais por sobreesforzos no ano 2010, Quinzá-Torroja indicou que a súa importancia vén do feito de que aproximadamente un terzo dos accidentes laborais ocorridos en xornada laboral son cualificados así.

O observatorio creouse como un instrumento de xestión da información e análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora galega, recolle e analiza os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico como no social para orientar políticas na materia.

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA&subopcion=mensuais



Xuventude e voluntariado

A estratexia de xuventude da Xunta destina o 45% do seu orzamento ao fomento do emprego en 2011

